

Xestión de Persoal

EXPEDIENTE.- 2022/G003/001787

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: LISTAXE PROVISIONAL ELEVADA A DEFINITIVA DO PROCESO SELECTIVO DUNHA PRAZA DE TÉCNICO/A DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA

Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante mín, Secretario Xeral, dita a presente

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público e a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.

Segundo o estipulado na convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección por quenda restrinxida á promoción interna a través de concurso de méritos, dunha praza de Técnico/a de administración electrónica adscrito á Secretaría Xeral, persoal funcionario interino por vacante, aprobadas por Decreto nº 1320/2022 de 18 de abril de 2022. Por todo o exposto,

RESOLVO

PRIMEIRO.- Aprobar a listaxe provisional de aspirantes admitidos/as e excluídos/as no devandito proceso selectivo, de conformidade coa listaxe de seguido referida:

ADMITIDOS/AS:

1. Montes Fernández, Eva María

EXCLUÍDOS/AS:

Ningún/ha

SEGUNDO.- Designar nominativamente aos membros do Tribunal cualificador de acordo ao establecido na base 5ª, quedando constituído do seguinte xeito:

- Presidente: Dª. Mónica Bello Novo, viceinterventora do Concello de Arteixo (titular) e Dª. Luz María Villa Álvarez, interventora do Concello de Arteixo (suplente)
- Secretario: D. José María Vázquez Pita, secretario xeral do Concello de Arteixo (titular) e Dª. Belén Zas González, administrativa do Concello de Arteixo (suplente)
- Vogais:
 - Dª. Fernanda Montero Carré, técnica de administración xeral do Concello de Arteixo (titular) e Dª. Virginia Pérez Torres, técnica de administración xeral do Concello de Arteixo (suplente)

- D. Marcos Docampo Fraga, técnico de deportes do Concello de Arteixo (titular) e D. Pablo Martín Fernández Castro, arquitecto do Concello de Arteixo (suplente)
- D^a. Beatriz Esmorís Pérez, técnica de coordinación e planificación do Concello de Arteixo (titular) e D. Manuel Varela Mariño, enxeñeiro superior do Concello de Arteixo (suplente)

TERCEIRO.- Elevar a listaxe provisional a definitiva, de conformidade coa base 4^a das bases reguladoras.

CUARTO.- Convocar aos membros do Tribunal cualificador para constitución do mesmo o vindeiro 24 de maio de 2022 ás 13:00 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo e dando inicio ao proceso selectivo pola fase de concurso, baremo de méritos dos/as aspirantes admitidos/as, nesa mesma data.

QUINTO.- Convocar aos/ás aspirantes admitidos/as, en chamamento único, para a realización da entrevista, o día 24 de maio de 2022 ás 13:30 horas no Salón de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Arteixo.

SEXTO.- Dar traslado ao departamento de persoal para que procedan a inmediata publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

SÉTIMO.- Dar traslado aos membros do Tribunal cualificador, titulares e suplentes, xunto con copia das bases da convocatoria.

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).